

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE RAMÓN OTERO PEDRAYO
CURSO: 5º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS NATURAIS
DATA: 11-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	5º-CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.
B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais	5º-CNB1.3.1 - Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	5º-CNB1.4.1 - Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.
B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles.	5º-CNB2.1.1 - Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.
B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.	5º-CNB2.3.1 - Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.
B3.1. Seres vivos e seres inertes. Diferenciación.	5º-CNB3.1.1 - Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles
B3.2. Organización interna dos seres vivos e estrutura dos seres vivos: células, tecidos: tipos; órganos; aparellos e sistemas: principais características e funcións.	5º-CNB3.2.1 - Identifica as características e clasifica os seres vivos: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos. Outros reinos.
B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	5º-CNB3.3.2 - Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>As instrucións do 27 de abril de 2020 (criterios de avaliación de Educación Primaria) establecen que “a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que o traballo do alumnado nesta terceira avaliación centrarase especialmente no desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso, reforzo e afondarase nas aprendizaxes xa traballadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.”</p> <p>Tendo en conta isto estableceranse os seguintes indicadores de logro para a avaliación deste terceiro trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none">- O/a alumno/a amosa interese polas aprendizaxes e tarefas propostas.- O/a alumno/a participa nas propostas establecidas dentro das súas posibilidades.- O/a alumno/a consolidou aqueles estándares traballados previamente.
Cualificación final	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Análise das tarefas realizadas de maneira virtual. <p>A cualificación final do alumnado calcularase en base aos resultados obtidos na primeira e segunda avaliacións na seguinte proporción:</p> <ul style="list-style-type: none">- 50% da cualificación obtida na 1ª avaliación.- 50% da cualificación obtida na 2ª avaliación.- O traballo realizado a partir da suspensión da actividade docente presencial só puntuará en positivo e poderá supoñer ata un 10% de incremento na cualificación final. <p>Aínda que se propoña este formato, analizarase cada caso individualmente, buscando sempre a mellor opción de cualificación final para cada alumno/a.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Tarefas de repaso, reforzo e ampliación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A teleformación substituíu ás clases presenciais para facilitar a continuidade da docencia durante o estado de alarma.</p> <p>Valorando diversas opcións determinouse o uso da plataforma educativa Classroom e tamén da aplicación de mensaxería Whatsapp. Non será imprescindible o uso de impresora aínda que o concello tense comprometido a imprimir e facer chegar o material ás familias.</p> <p>A situación provocada pola metodoloxía non presencial fai que as actividades de aprendizaxe que se propoñen, aumente a importancia das seguintes estratexias:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.1. Partir de coñecementos previos presentando a información de xeito que active a curiosidade e o interese do/da alumno/a polo contido. 1.2. Empregar unha linguaxe familiar que facilite a comprensión. 1.3. Facilitar o proceso de orientación antes, durante e despois a través dos medios de interacción dos que se dispón. 1.4. Incrementar a coordinación entre o profesorado á hora de propoñer as tarefas ao alumnado para non sobrecargalo.
Materiais e recursos	<ol style="list-style-type: none"> 1. Libros de texto. 2. Dispositivos móbiles. 3. Apuntamentos en diferentes formatos. 4. Actividades interactivas. 5. Enlaces a páxinas web.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase ao alumnado a través da plataforma educativa Classroom, da aplicación de mensaxería Whatsapp que o titor mantén coas familias e a tamén da páxina web do centro.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.